PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
13 NOV. 2017
Núm. 5808

A Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 17 de novembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Proposicións non de lei

1.1 10954 (10/PNC-001144)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis
Sobre a aprobación polo Goberno galego, antes do remate do ano 2017, do regulamento de desenvolvemento e do código de accesibilidade previstos na disposición final primeira da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 140, do 05.07.2017

1.2 10993 (10/PNC-001146)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a elaboración polo Goberno galego dunha lei que regule e fomente as entidades sen ánimo de lucro denominadas "santuarios de animais", así como o traslado ao Parlamento de Galicia do anteproxecto de lei no primeiro trimestre de 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 140, do 05.07.2017

1.3 13121 (10/PNC-001238)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia para que elabore, no prazo de tres meses, un proxecto de conservación, mantemento, limpeza, iluminación e ordenación da contorna da ponte medieval de Ponte Sampaio co obxecto de executar as obras ao longo do ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 159, do 07.08.2017

1.4 15197 (10/PNC-001325)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
13 NOV. 2017
Núm. 5208

Sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de estudo para a elaboración participativa dunha proposta de plan de transporte público de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 174, do 13.09.2017

1.5 16470 (10/PNC-001390)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre a axilización polo Goberno galego dos trámites necesarios para a inclusión de Noia no Plan de transporte metropolitano de Galicia; en concreto, na área de Santiago de Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 178, do 20.09.2017

1.6 17639 (10/PNC-001454)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Pérez, Moisés e 7 máis
Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para posibilitar no futuro a existencia das comunidades de usuarios de augas, coñecidas como traídas de augas, e a consideración da especificidade do territorio galego nas futuras normativas ao respecto, así como o impulso dun grupo de traballo para o establecemento de acordos que posibiliten a coexistencia dos modelos de abastecemento de carácter municipal e veciñal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 191, do 11.10.2017

1.7 18669 (10/PNC-001513)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Barreira, María Julia e 6 máis
Sobre o mantemento pola Xunta de Galicia dunha liña prioritaria de actuacións de reforzos do firme das estradas de titularidade autonómica, de xeito que se manteñan nun estado axeitado para o tránsito e se favoreza a seguridade viaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 194, do 17.10.2017

1.8 19319 (10/PNC-001558)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
13 NOV. 2017
Núm. 5208

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre o financiamento pola Xunta de Galicia dun estudo para investigar se as costas galegas son realmente un corredor de paso para as baleas azuis
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 203, do 31.10.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017

Jaime Castiñeira Broz
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 13/11/2017 13:42:25